

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 27 de novembro de 2009 pola que se convocan bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos oficiais nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster universitario.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, transferiulle á Comunidade Autónoma de Galicia competencias en materia de universidades. Estas competencias foron asumidas pola comunidade autónoma e asignadas á Consellería de Educación polo Decreto 62/1988, do 17 de marzo. A Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia, determina a constitución do sistema universitario de Galicia con tres universidades: a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. As ensinanzas de máster teñen como finalidade a adquisición polo estudante dunha formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar orientada á especialización académica ou profesional, ou ben a promover a iniciación en tarefas investigadoras.

O establecemento dos novos títulos oficiais de posgrao constitúe unha das modificacións de máis transcendencia no proceso europeo de cambio estrutural das ensinanzas universitarias e supón un gran reto para as universidades e a administración educativa, que se ven obrigadas ao desafío de impulsar estudos de posgrao de máxima calidade. En Galicia, a reforma plásmase na aprobación dos decretos 51/2006, do 23 de marzo, 13/2007, do 1 de febreiro e 53/2008 do 13 de marzo, polo que se autoriza a implantación de estudos oficiais de posgrao nas universidades do sistema universitario de Galicia, con base no establecido no Decreto 66/2007, do 29 de marzo, polo que se establece o procedemento de autorización para a implantación de estudos universitarios oficiais de posgrao conducentes ao título de máster universitario ou de doutor.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Universidades, contribúe ao financiamento da formación avanzada de carácter especializado ou multidisciplinar, favorecendo a posta en marcha do proceso de harmonización do sistema universitario de Galicia ao Espazo Europeo de Educación Superior, convocando bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos oficiais nas universidades do sistema uni-

versitario de Galicia conducentes ao título de máster universitario.

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto e destinatarios.*

1. Convócanse, en réxime de concorrencia competitiva, 50 bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos oficiais conducentes ao título de máster universitario, coa finalidade de contribuír á especialización dos estudantes na súa formación académica, profesional ou investigadora.

2. Os solicitantes deberán estar matriculados nun máster universitario oficial impartido nalgunha das universidades do sistema universitario de Galicia nun mínimo de 60 créditos.

Artigo 2º.-*Orzamento.*

Para a concesión destas bolsas destinarase un total de 180.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2010 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia e presentado no Parlamento de Galicia para a súa aprobación, na cal existe crédito axeitado e suficiente, tramitándose conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 (DOG do 29 de novembro) e do 25 de outubro de 2001 (DOG do 29 de outubro) pola que se regula a tramitación anticipada de gastos, quedando condicionada a adxudicación definitiva á existencia de crédito na aplicación orzamentaria 09.02.422C.480.0 dos orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2010.

Artigo 3º.-*Duración e dotación da bolsa.*

1. A duración da bolsa é de 6 meses comprendidos entre xaneiro de 2010 e xuño de 2010.

2. A dotación da bolsa será de 600 euros mensuais. De acordo co establecido no artigo 7.j) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e da modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio, estas bolsas están exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas.

3. En ningún caso o aproveitamento desta bolsa terá efectos xurídicos-laborais entre o bolseiro, as universidades do SUG e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 4º.-*Requisitos dos/as solicitantes.*

1. Poderán solicitar estas bolsas e ser beneficiarios delas as alumnas e alumnos universitarios que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter rematado os estudos universitarios con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2007.

b) Non ter cursado 32 créditos de doutoramento, nin estar en posesión do diploma de estudos avanzados (DEA) ou dun título de doutor/a.

c) Non ter gozado de ningunha bolsa das concedidas pola Consellería de Educación e Ordenación

Universitaria para a realización de estudos de terceiro ciclo ou de posgrao.

d) No caso de estudantes estranxeiros non comunitarios, deberán ter a condición de residentes.

e) Estar matriculado dun mínimo de 60 créditos, nun máster universitario de carácter presencial impartido nas universidades de Santiago de Compostela, A Coruña ou Vigo no curso 2009-2010.

f) Posuír unha nota media simple no seu expediente académico igual ou superior a 2, calculada cos parámetros publicados por resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005, DOG do 23 de marzo de 2005. No caso de alumnos de ensinanza técnica, a nota media simple deberá ser igual ou superior a 1,5.

g) Estar en posesión dun título universitario oficial español ou doutro expedido por unha institución de educación superior do Espazo Europeo de Ensino Superior que facultan no país expendedor do título para o acceso a ensinanza de máster. Así mesmo poderán acceder os titulados conforme a sistemas educativos alleos ao Espazo Europeo de Ensino Superior sen necesidade da homologación dos seus títulos, logo de comprobación pola universidade de que os/as solicitantes acrediten un nivel de formación equivalente aos correspondentes títulos universitarios oficiais españois e que facultan no país expendedor do título para o acceso a ensinanza de posgrao.

Artigo 5º.-*Presentación de solicitudes e prazo.*

1. A solicitude, segundo o modelo ED 421 A que se publica como anexo a esta orde, asinada polo interesado, poderá presentarse:

-No rexistro único da Xunta de Galicia, ou ben en calquera dos rexistros previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a presentación de instancias.

-Nos rexistros xerais das universidades pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia, cos efectos establecidos no convenio de colaboración en materia de rexistros administrativos, subscrito o 25 de xuño de 2007, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo e publicado no DOG nº 128, do 3 de xullo de 2007.

-Nas oficinas de correos, en sobre aberto, para que sexa datada e selada polo/a funcionario/a de correos antes de que proceda á súa certificación postal. Non se admitirán como medio de presentación de solicitudes os servizos de mensaxaría privados. As solicitudes subscritas no estranxeiro deberán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

2. Os candidatos só poderán presentar unha solicitude. A presentación de dúas ou máis solicitudes invalidará todas as presentadas. A presentación das solicitudes comportará a autorización do/a solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado e coa comunidade autónoma, a través de certificados telemáticos, polo

que queda liberado o solicitante de achegar a correspondente certificación.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo fóra inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Adicionalmente, os interesados enviarán ao número de fax 981 54 54 22 da Secretaría Xeral de Universidades, na data de presentación da solicitude, unha copia desta co correspondente selo de presentación no prazo establecido nun rexistro válido.

Artigo 6º.-*Documentación.*

Á solicitude xuntarase a documentación seguinte:

a) Certificación académica oficial completa ou copia compulsada desta na que se fará constar a nota media simple do expediente académico da titulación que lle dá acceso aos estudos de máster, obtida de acordo co establecido no artigo 4º f) das bases da convocatoria. Os titulados que accederon a estudos de 2º ciclo desde unha titulación de 1º ciclo deberán enviar, ademais, a certificación dese 1º ciclo, igualmente con expresión da nota media do expediente académico.

b) Documento acreditativo de matrícula do máster no que deberá figurar a xustificación do pagamento realizado e o número de materias e créditos nos que está matriculado/a.

c) Declaración responsable de todas as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas ou privadas competentes.

d) Documento facilitado pola entidade bancaria a nome do/a interesado/a, en que conste o número da conta do cliente e os códigos que identifican o banco, a oficina e o dígito de control.

Artigo 7º.-*Exposición de listaxes provisionais.*

1. Unha vez examinadas as solicitudes e a documentación presentada polos solicitantes, expóranse as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e as excluídas, sinalando os motivos de exclusión no portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.es, que poden ser consultadas, ademais, nas xefaturas territoriais da citada consellería e nos vicerreitorados de estudantes das tres universidades galegas.

2. As listaxes provisionais serán expostas o día 26 de xaneiro de 2010. Os interesados disporán dun prazo de reclamación comprendido desde o día 27 de xaneiro ao 5 de febreiro, ambos incluídos, podendo, durante ese prazo, formular reclamación ou emendar erros e falta de documentación, ante a Secretaría Xeral de Universidades, achegando, se é o caso, a documentación necesaria. Transcorrido este prazo sen se emendaren as causas de exclusión, considerarase que o/a interesado/a desiste da súa petición, e procederase ao seu arquivo de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992.

Artigo 8º.-Comisión de selección.

A selección de bolseiros/as será efectuada por unha comisión constituída por tres representantes da Secretaría Xeral de Universidades, dos que un/unha deles/as actuará como presidente/a e outro/a como secretario/a con voz e voto, e os/as vicerreitores/as competentes na materia das tres universidades galegas. En caso de empate decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún ou algunha dos/as compoñentes non puidesen asistir, será substituído/a pola persoa que para o efecto se nomee. O devandito nomeamento deberá recaer noutra persoa da secretaría xeral ou da universidade correspondente, en virtude da súa representación.

Artigo 9º.-Criterios xerais de selección.

1. A selección farase tendo en conta a nota media do expediente académico calculada cos parámetros reflectidos no protocolo de colaboración suscrito, con data do 21 de febreiro de 2005, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, publicado no DOG do día 23 de marzo de 2005 mediante resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005. No caso de alumnos procedentes de ensinanza técnica, a nota obtida polo alumno multiplicarase por un coeficiente corrector de 1.33.

2. As solicitudes presentadas serán clasificadas segundo titulacións ou bloques de titulacións semellantes pertencentes a unha mesma área ou ámbito: ciencias experimentais, ciencias da saúde, ciencias sociais e xurídicas, ensinanza técnica e humanidades.

3. A comisión avaliadora distribuirá as bolsas proporcionalmente ao número de solicitudes presentadas admitidas e clasificadas segundo as áreas recollidas no punto anterior, entre os alumnos e alumnas con mellor media de expediente académico. En caso de empate na nota media do expediente académico persoal, procederase ao desempate de acordo coa seguinte orde de prelación: menor número de suspensos, maior número de matrículas de honra, e, de persistir o empate, o maior número de sobresalientes. De non cubrirse a totalidade de prazas asinadas a algunha das áreas, a comisión poderá redistribuílas entre as áreas máis demandadas.

Artigo 10º.-Resolución e publicación.

1. Efectuada a selección pola comisión, esta elevará un informe-proposta ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá resolución en que constará a relación das bolsas concedidas, outra de suplentes, se os houber, e outra de denegadas coas causas de denegación, así mesmo os demais extremos previstos no artigo 34º do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. A resolución de concesión das bolsas publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: www.edu.xunta.es ? temáticos ? sistema univer-

sitario de Galicia ? bolsas, axudas e premios, mediante relación nominal dos/as beneficiarios/as e suplentes, pola que se entenderán notificados para todos os efectos os beneficiarios.

3. Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa.

4. O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo, a solicitude de concesión da subvención.

5. Os/as solicitantes excluídos/as terán un prazo de dous meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Diario Oficial de Galicia* para recuperar a documentación presentada.

Artigo 11º.-Aceptación da bolsa.

O/a bolseiro/a comprométese a cumprir todas as condicións recollidas nesta orde e remitir á Secretaría Xeral de Universidades no prazo de 5 días contados desde a data de recepción da notificación de proposta de concesión, a aceptación ou renuncia da bolsa, segundo o modelo que figura na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Transcorrido este prazo sen que se achegue a citada documentación, considerarase que o/a interesado/a decae no seu dereito.

As renuncias que se produzan serán substituídas de acordo coa lista de suplentes que se estableza na citada resolución.

Artigo 12º.-Pagamentos.

Os pagamentos serán trimestrais. O último pagamento farase efectivo despois de que o/a bolseiro/a presente, unha vez rematado o curso, e sempre antes do 30 de xullo de 2010, a seguinte documentación:

-Certificación académica na que conste a cualificación da totalidade das materias matriculadas no curso 2009-2010 ou copia compulsada do título de máster ou documento que o substitúa, para aqueles alumnos que realicen un máster de 60 créditos.

-Vida laboral actualizada expedida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

-Declaración responsable do conxunto de bolsas concedidas e aceptadas.

Artigo 13º.-*Incompatibilidades, obrigas e cumprimento dos/as bolseiros/as.*

1. Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do bolseiro ou calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado excepto con aquelas bolsas ou axudas destinadas a cubrir algunha das accións formativas que o/a solicitante vai realizar segundo os seus estudos (asistencia a reunións, congresos, seminarios ou cursos de especialización).

2. Os/as bolseiros/as están obrigados/as a:

a) Realizar as actividades previstas nos programas de formación e cumprir os obxectivos destes mesmos con aproveitamento.

b) Comunicar á Secretaría Xeral de Universidades a causa que determine a incompatibilidade dentro das 24 horas seguintes ao momento no que teña coñecemento da concorrencia desta e, dentro dos tres días naturais seguintes, deberá notificar por escrito a renuncia á bolsa acompañada da documentación xustificativa das actividades de formación realizadas durante o período anterior á renuncia (vida laboral actualizada, declaración responsable do conxunto de bolsas concedidas e informe do coordinador do máster en relación coas actividades de formación realizadas).

c) Facer constar na produción escrita derivada do traballo realizado como bolseiro/a a expresión: «Co apoio da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria -Xunta de Galicia».

d) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das bolsas así como as demais que se deriven do artigo 45 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. No caso de renuncia ou incumprimento das súas obrigas, o/a bolseiro/a deberá proceder ao reintegro das cantidades xa percibidas xunto cos xuros de demora que lle correspondan en cada caso, salvo en casos excepcionais autorizados pola Secretaría Xeral de Universidades.

4. O incumprimento por parte do/a bolseiro/a de calquera das condicións recollidas nesta orde e demais normas aplicables poderá constituír causa determinante de revogación da axuda e do reintegro total ou parcial polo/a beneficiario/a das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora que lle puideran corresponder en cada caso, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.-A presentación da solicitude da bolsa comportará a autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexis-

tros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como as sancións impostas cando proceda.

b) A reserva que o petionario poida facer no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros que, en todo caso, terá que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

c) De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2º c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo prevé o artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-A concesión das bolsas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para este fin.

Cuarta.-Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o titular da Secretaría Xeral de Universidades para adoptar os actos e medidas necesarios para a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
 Secretaría Xeral de Universidades

ANEXO



PROCEDEMENTO BOLSAS DE NOVA ADXUDICACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ESTUDOS OFICIAIS NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA CONDUCENTES AO TÍTULO DE MÁSTER UNIVERSITARIO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED421A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DATA DE NACEMENTO (dd/mm/aaaa)
Nº DOCUMENTO DE IDENTIFICACIÓN		ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
PROVINCIA	LOCALIDADE/CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
TELÉFONOS	CORREO ELECTRÓNICO		
TÍTULO UNIVERSITARIO	UNIVERSIDADE ONDE SE TITULOU		
TÍTULO DO MÁSTER UNIVERSITARIO			
Nº TOTAL DE CRÉDITOS DO MÁSTER	Nº DE CRÉDITOS MATRICULADOS	UNIVERSIDADE ONDE CURSA O MÁSTER UNIVERSITARIO <input type="checkbox"/> UDC <input type="checkbox"/> USC <input type="checkbox"/> UVIGO	

AREAS DE COÑECEMENTO DA TITULACIÓN

<input type="checkbox"/> Ciencias experimentais	<input type="checkbox"/> Ciencias da saúde	<input type="checkbox"/> Ciencias sociais e xurídicas
<input type="checkbox"/> Ensinanzas técnicas	<input type="checkbox"/> Humanidades	

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

<input type="checkbox"/> 1.- Certificación académica oficial ou copia compulsada
<input type="checkbox"/> 2.- Documento acreditativo de estar matriculado no curso actual nun máster universitario oficial
<input type="checkbox"/> 3.- Declaración responsable de todas as axudas solicitadas ou concedidas
<input type="checkbox"/> 4.- Documento da entidade bancaria

DECLARO coñecer e autorizar que os datos persoais que compoñen esta solicitude serán obxecto de tratamento co fin de xestionar a axuda solicitada de acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, **AUTORIZO EXPRESAMENTE** para que:

- Calquera das universidades do sistema universitario de Galicia facilite á Secretaría Xeral de Universidades cantos datos consten no meu expediente persoal e sexan precisos para a tramitación e resolución da axuda solicitada.
- A Secretaría Xeral de Universidades publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. A persoa que abaixo asina fai unha declaración responsable de que non se atopa incurso nalgunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 punto 2º e 3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A Secretaría Xeral de Universidades poida ter acceso de forma directa aos datos da miña vida laboral que constan na Tesouraría Xeral da Seguridade Social e do cumprimento das miñas obrigas tributarias co Estado e coa comunidade autónoma.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 27 de novembro de 2009 pola que se convocan bolsas de nova adxudicación para a realización de estudos oficiais nas universidades do sistema universitario de Galicia conducentes ao título de máster universitario.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE _____
SINATURA DO SOLICITANTE PARA OS EFECTOS DE SOLICITUDE E CONFORMIDADE COAS BASES DA CONVOCATORIA <i>Lugar e data</i> _____, de _____ de 2009		RECIBIDO _____ REVISADO E CONFORME _____
		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____